

A CASA DE JACK

[Lars von Trier, 2018]

478

ESTREA EN NUMAX: 25.01.2019 | V.O.S.E. | +18

The House That Jack Built (2018, 155')

Dirección: Lars von Trier

Guión: Lars von Trier

Elenco: Matt Dillon, Bruno Ganz, Uma Thurman, Riley Keough, Sofie Gråbøl, Siobhan Fallon, Ed Speleers, Osy Ikhile, David Bailie, Yu Ji-tae, Marijana Jankovic, Robert G. Slade

Montaxe: Jacob Secher Schulsinger, Molly Malene Stensgaard

Dirección de arte: Cecilia Hellner, Lars von Trier

Vestuario: Grith Deleuran, Bøge Dresler, Frida Fredriksson, Sofia Löfgren Hansson, Lone Hermann, Line Lolk

Son: Kristian Eidnes Andersen

Fotografía: Manuel Alberto Claro

Produtora: Zentropa Productions, Radio, Film I Väst (Dinamarca, Francia, Alemaña, Suíza)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Inglés, alemán, italiano

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Sección oficial), Sitges 2018 (Sección oficial)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Nymphomaniac, 2013

Melancolía, 2011

El jefe de todo esto, 2006

Manderlay, 2005

Dogville, 2003

Los idiotas, 1998

Rompiendo las olas, 1996

SINOPSE

Estados Unidos, década de 1970. Seguimos o brillante Jack durante un período de 12 anos, descubriendo os asasinatos que han marcar a súa evolución como asasino en serie. A historia vívese desde o punto de vista de Jack, quen considera que cada un dos seus asasinatos é unha obra de arte en si mesma.

“Lars Von Trier, cruel, exasperante e xenial. Fascinante na súa total ausencia de prexuizos.”

Luis Martínez, EL MUNDO



Notas do director

A estrutura básica do filme comprende cinco incidentes no transcurso de doce anos. Teño a intención de empezar co incidente 1 e rematar o guión cos intervalos entre cada incidente e en parte co epílogo, unha vez estean filmados e montados os cinco incidentes. Poderíase dicir que o filme vai evoluir a partir dos cinco incidentes até chegar a un guión final.

No meu anterior filme, *Nymphomaniac* (2013), movínme entre numerosas digresións incluídas no guión desde un principio e quizais esa foi a causa de que non se incorporasen no filme de maneira óptima. O ton do diálogo en off foi complicado de facer, e aínda máis de caracterizar. O meu soño é rodar *A casa de Jack* en dous períodos moi diferenciados para que os cinco incidentes sexan o núcleo dun filme perfectamente ensamblado.

Entre cada incidente, Jack mantén unha conversa cun personaxe chamado Verge. Ao final descubrimos que eses intervalos falados corresponden ao camiño que percorren Jack e Verge mentres este o conduce ao Inferno. Verge é unha versión moderna de Virgilio n' *A divina comedia* de Dante a través das moitas manifestacións do Inferno.

Jack fala da súa vida e do seu desenvolvemento como asasino en serie. Os intervalos están poboados de recordos, de fábulas e das opinións de Verge,

un home moral, e de Jack, un criminal. O meu obxectivo é mostrar a Jack neses intervalos como un home calquera (aínda que moi culto) que só revela a súa natureza psicopática en breves e contadas ocasións, en oposición aos cinco incidentes, dignos dun auténtico psicópata.

Quero que *A casa de Jack* sexa o meu filme máis moral até a data. É a historia dun asasino en serie, un psicópata, que remata no Inferno polo que fixo. Non podo imaxinar un castigo máis axeitado.

Comentarios de Lars von Trier o 13 de abril de 2016. Antes da rodaxe do filme
Publicado en www.golem.es/distribucion

* * *

“Unha profunda e hipnótica brincadeira”

Por Santiago Alverú ★★★★★

Nada debiera xa resultanos polémico na arte. O mundo viu rachar os límites da moralidade tantas veces na ficción que é incomprensíbel como en 2018 seguen a xerarse controversias, alimentando fogos que nacen destinados a morrer pero que viven osixenados por unha indignación que a nivel individual ninguén admite ter guindado ás chamadas.

Sexa ou non positivo este contexto, sexa ou non consecuencia dos nosos días, resulta un caramelo para homes como Lars *eu entendo a Hitler* von Trier. O seus dous últimos filmes, *Nymphomaniac* e agora *A casa de Jack*, parecen conscientes de máis da facilidade coa que se accede á provocación. Algúns poden ver perturbadora esta explícita busca do escándalo en detrimento quizais dunha maior ambición artística. Ficar nese debate é ignorar as moitas virtudes que *A casa de Jack* presente. Comezando por un Matt Dillon soberbio, que achega ao mesmo tempo fragilidade e chulería a un asasino en serie único, un psicópata obsesionado coa limpeza. Un personaxe que grazas ao seu intérprete cobre de patetismo unha evidente misoxinia e perversidade para ofrecer unha divertidísima obra, máis próxima a unha versión macabra de *The Office* (Ricky Gervais, Stephen Merchant, 2001, TV) que a *A Serbian Film* (Srdjan Spasojevic, 2010). Unha profunda e hipnótica brincadeira á que o máis coherente sería darlle cinco estrelas, pola mesma razón pola que von Trier segue a facer cinema. Por amolar.

Publicado en <http://cinemania.elmundo.es>
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Nymphomaniac vol 1 y 2. El montaje del director,
Lars von Trier. Cameo [BluRay]

El elemento del crimen, Lars von Trier.
A Contracorrientefilms [DVD]

Medea, Lars von Trier.
A Contracorrientefilms [DVD]

Los idiotas, Lars von Trier. Golem [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faite
NUMAX!

Abónete
agora e ven
sempre por